Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación UNICEF Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia para a promoción e difusión dos dereitos da infancia nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia

En Santiago de Compostela, na data da derradeira sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Don **Román Rodríguez González**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

E doutra, a FUNDACIÓN UNICEF Comité Español, con CIF G884451087, inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal, baixo o número 759, con domicilio fiscal en C/ Mauricio Legendre 36 de Madrid, CP 28046, e no seu nome Don **José María Vera Villacián**, con DNI 25.074.753-S, en calidade de Director Executivo e apoderado en virtude do acordo de apoderamento adoptado polo Patronato da Fundación UNICEF Comité Español, en reunión celebrada o 26 de novembro de 2021 e elevado a público mediante escritura de protocolización de data 17 de xaneiro de 2022 con número 259, outorgada ante D. Jaime Recarte Casanova, Notario do Ilustre Colexio de Madrid, (en adiante UNICEF Comité Español).

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería de Educación, conforme á Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, traballa no cumprimento efectivo dos Dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno, recoñecendo: o interese superior do menor, o seu dereito á educación, a non ser discriminado, a calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación algunha, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación e o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades e o respecto á diversidade.

3. Que a consellería, en desenvolvemento dun modelo educativo de calidade, ten a responsabilidade de promover actuacións compensadoras dirixidas a garantir o principio de igualdade de oportunidades na educación, a promover a educación en valores como forma de garantir a súa presenza ao longo de toda a vida educativa, tales como o respecto aos principios democráticos, aos dereitos e deberes cidadáns e ás liberdades fundamentais e a apoiar os procesos de maduración e socialización das persoas na súa infancia e xuventude, co fin de capacitalas para exercer como cidadáns e cidadás nunha sociedade democrática.

4. Que a consellería vén estimulando o funcionamento dos centros docentes como comunidades de aprendizaxe, capaces de implicar á comunidade educativa

Ás copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

no desenvolvemento de proxectos educativos nos centros orientados polos valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diferenza e interculturalidade.

5. Que a consellería demostra o seu firme convencemento sobre a importancia da promoción da cidadanía global, tendo en conta as interaccións que hai entre as diferentes partes do mundo e as conexións entre os asuntos sociais, económicos políticos e ambientais.

6. Que, pola súa banda, UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia, vén traballando mundialmente na creación de proxectos pedagóxicos que promoven nos nenos, nenas, mozos e mozas, valores solidarios xunto ao desenvolvemento do espírito crítico e a adquisición de destrezas adecuadas para comprender o mundo e comprometerse cos cambios que este necesita.

7. Que UNICEF Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia, define a educación en dereitos de infancia como un proceso que "fomenta o desenvolvemento en nenos, nenas, mozos e mozas, de actitudes e valores tales como a solidariedade a nivel mundial, a paz, a tolerancia, a xustiza social e a toma de conciencia respecto de cuestións ambientais e que dota a eses grupos dos coñecementos e aptitudes que lles permitan promover eses valores e xerar cambios nas súas propias vidas e nas da súa comunidade, tanto a escala local como global".

8. Que pola súa banda UNICEF traballa programas como o seu programa de Educación en Dereitos de UNICEF Comité Español, que ten como obxectivo fundamental trasladar a Convención sobre os Dereitos da Infancia aos centros educativos mediante distintas accións e compromisos que se concretan en distintos niveis de participación de ditos centros. Entre elas destaca o seu programa de Centros Referentes en Educación en Dereitos de Infancia.

9. Que UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais. A súa misión principal é a supervivencia, a protección e o

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

desenvolvemento da Infancia, promovendo o disposto na Convención sobre os Dereitos do Neno a través de actividades que promovan a solidariedade cara os seus fins e a participación social dos cidadáns.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia.

En consecuencia, a Consellería e UNICEF Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e UNICEF Comité Español para a promoción e difusión dos dereitos da infancia e da adolescencia nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galician e o establecemento de fórmulas para a participación infantil, adolescente e familiar na educación, como dereito da infancia e da comunidade educativa no seu conxunto.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán directamente o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias ou representantes legais dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería e UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia propoñerán, de mutuo acordo e concretarán ao inicio do curso escolar as achegas que estimen necesarias para o desenvolvemento das accións conxuntas.

A Consellería comprométese a:

a. Asesorar aos centros para o desenvolvemento de programas de aprendizaxe e servizo a través de iniciativas solidarias e de voluntariado, nos programas e iniciativas que leve a cabo esta consellería en aspectos como a saúde, o medio ambiente, o patrimonio cultural, a cooperación internacional, a axuda ás persoas máis necesitadas e especialmente, nos casos de nenos e nenas en desvantaxe pola súa situación social, económica, familiar ou condición de discapacidade, mellorando a calidade e favorecendo a accesibilidade aos ditos servizos.

b. Facilitar a adhesión dos centros a programas de cooperación con institucións e entidades en materia de seguridade, saúde, medio ambiente, e infancia que garantan o coñecemento da Convención dos Dereitos do Neno.

c) Promover a formación do profesorado en dereitos da infancia, na asistencia a encontros de formación e intercambio de boas prácticas.

d) Promover no sistema educativo a participación infantil e familiar e da comunidade educativa no seu conxunto, poñendo en marcha novas fórmulas e espazos de participación e diálogo entre todos os sectores implicados na educación.

e) Colaborar na sensibilización de campañas informativas e formativas dirixidas a toda a sociedade, encamiñadas a poñer en valor a importancia da educación como base para a inclusión social.

f) Colaborar co Consello Escolar da Comunidade Autónoma de Galega en iniciativas e actividades sobre Dereitos da Infancia que propicien o intercambio de boas prácticas en materia educativa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

g) Incluír e promover dentro do calendario escolar a celebración, nos centros educativos, do 20 de novembro como "Día Universal da Infancia".

h) Informar aos centros educativos de Galicia da colaboración con UNICEF Comité Español a través do seu Comité Autonómico de Galicia e comunicar, polos medios que se estimen, a dispoñibilidade de recursos educativos na web de UNICEF Comité Español (www.unicef.es/gal/educa).

i) Difundir entre os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia as comunicacións, contidos, informes, proxectos ou actividades en materia de dereitos da infancia acordados con UNICEF, froito deste convenio de colaboración.

j) Promover a inclusión dos dereitos de infancia, así como os obxectivos de desenvolvemento sostible no proxecto educativo dos centros.

k) Promover os dereitos dixitais da infancia.

l) Impulsar que os centros educativos realicen a autoavaliación sobre dereitos de infancia proposta na web de UNICEF Comité Español.

m) Facilitar a colaboración entre centros educativos, institucións e entidades sociais promovendo o coñecemento, nos centros educativos, da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN).

n) Impulsar a participación dos centros educativos, a través da Dirección Xeral correspondente da Consellería de Educación, nas actuacións e plans de acción que se acorden entre as partes.

UNICEF Comité Español a través de UNICEF Comité Galicia comprométese a:

a) Facilitar para a súa difusión no ámbito educativo de Galicia as comunicacións, contidos, informes, proxectos ou actividades en materia de dereitos da infancia, acordados entre as partes, que se xeren desde UNICEF Comité Español.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

b) Facilitar gratuitamente o acceso aos materiais educativos a todos os centros educativos interesados que se rexistren a través da web de UNICEF Comité Español.

c) Poñer a disposición dos centros educativos interesados os materiais de autoavaliación institucional sobre dereitos de infancia.

d) Facilitar aos centros educativos seleccionados as convocatorias de formación do profesorado que UNICEF Comité Español organiza sobre Educación en dereitos de Infancia.

e) Informar, a través dos seus propios canais de comunicación, da firma do presente acordo.

f) Informar á Consellería de Educación acerca dos centros educativos participantes nos programas e diferentes iniciativas que desde UNICEF Comité Español póñense en marcha.

Cuarta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Quinta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de UNICEF Comité Español a través do seu Comité Autonómico de Galicia e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais,aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Oitava. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os asinantes comprométense a manter a confidencialidade de todos os datos e informacións facilitados pola outra parte e que sexan concernentes á execución do obxecto do presente Convenio, debendo ambos manter a dita información en reserva e en segredo e non revelala de ningún xeito, total ou parcialmente, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do mesmo, salvo nos casos e mediante a forma legalmente previstos.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Novena. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

Décima. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen. En caso de incumprimento das obrigas do presente convenio procederase co previsto no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

- O acordo unánime de todos os asinantes.

- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordada a prórroga do mesmo.

- A denuncia do mesmo por unha das partes, comunicada fehacientemente á outra antes do día trinta de abril do ano correspondente, para que a resolución xurda efectos ao final do curso académico no que se produza a comunicación.

Décimo primeira. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2029-2030, isto é o día 31 de agosto de 2030, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo segunda. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (https://notifica.xunta.gal). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira. Difusión

Calquera material publicitario ou promocional que se realice para a difusión do contido do presente convenio ou das actuacións recollidas no mesmo, deberá incluír a identidade corporativa dos asinantes, que cada entidade facilitará ao efecto. No caso de soportes gráficos utilizaranse os logotipos de ambas entidades ou ben realizarase mención ás mesmas cando se trate de soportes sonoros. Calquera de ditas aplicacións, con independencia do seu formato, previamente ao seu lanzamento ou emisión, deberá contar co visto bo das partes. As partes deberán axustarse ao previsto nas normas de identidade corporativa de cada entidade.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL,	POR UNICEF COMITÉ ESPAÑOL,
O CONSELLEIRO,	O DIRECTOR EXECUTIVO,
Román Rodríguez González	José María Vera Villacián

Asinado por: RODRIGUEZ GONZALEZ, ROMAN
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 05/10/2026 09:19:06

Asinado por: VERA VILLACIAN, JOSE MARIA
Cargo: Director Executivo (Fundación UNICEF)
Data e hora: 01/10/2026 12:54:56

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: k9DcezjuL8h1 https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2027